



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, A SA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO E A CISTERCIENSE ORDE SANTA MARÍA DE SOBRADO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO MOSTEIRO DE SOBRADO DOS MONXES E A SÚA INCORPORACIÓN Á REDE DE ALBERGUES PÚBLICOS DA XUNTA DE GALICIA.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Don Román Rodríguez Gonzalez como presidente da **Axencia Turismo de Galicia**, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, do 26 de setembro que dispón o seu nomeamento como Conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012, e en calidade de Presidente do Consello de Administración da **SA de Xestión do Plan Xacobeo**.

Doutra, D. Carlos Gutiérrez Cuatango, actuando en representación do **Mosteiro Cisterciense de Santa María de Sobrado**, en virtude da súa condición de Prior da comunidade cisterciense.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e por tanto,





EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia e a SA de Xestión do Plan Xacobeo están interesadas en incorporar o Albergue do Mosteiro de Sobrado dos Monxes á Rede Pública de Albergues da Xunta de Galicia para o que precisase de diferentes intervencións no interior e exterior do Mosteiro para adaptar o albergue actualmente existente, aos requirimentos dos albergues da rede pública.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental que se crea co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

De conformidade co artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, ten entre as súas funcións, directamente ou a través da SA de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

Terceiro.- Que o mosteiro cisterciense de Santa María de Sobrado dos Monxes foi cedido polo Arzobispado de Santiago de Compostela gratuitamente á orde cisterciense no ano 1967.

O mosteiro foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) con categoría de monumento polo Decreto do 3 de xuño de 1931 (GAC 04.06.1931)

O mosteiro de Santa María de Sobrado é un referente entre os mosteiros de orixe medieval do territorio galego, aínda que as transformacións posteriores deixárono situado como unha das máis importantes mostras do barroco, como se reflicte na súa igrexa.





Ademais, da súa impresionante igrexa e outras dependencias o conxunto dispós de tres claustros: no primeiro deles denominado de peregrinos, atópase un albergue actualmente xestionada pola orde e por persoas voluntarias.

As excepcionais condicións de situación do mosteiro en relación ao Camiño do Norte, que motivou a súa declaración como Patrimonio da Humanidade polas UNESCO no ano 2015, propician que sexa visitado por numerosos peregrinos que merecen un acollemento digno que as actuais instalacións non poden ofrecer como sería desexable.

É polo que a orde cisterciense ten elaborado un proxecto para adecuación do mesmo e solicitado a súa inclusión na Rede de Albergues Públicos da Xunta de Galicia, excluídos do ámbito de aplicación da normativa de albergues turísticos—

Cuarto.- Que o programa de necesidades para a adecuación do actual albergue ás características dos albergues públicos, céntrase na adecuación dos espazos interiores do albergue de peregrinos situado nun dos claustros e que necesita intervencións sobre acabados, instalacións e mobiliario.

Ademais, reacondicionarase un espazo exterior coa instalación dun módulo de lavandería e zona de descanso e lecer.

Quinto.- Que o Plan Director e Plan Estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021, establece na súa liña estratéxica 7: Especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino, como actuación prioritaria 7.1: Xestión integrada da rede pública de albergues, mellora das súas infraestruturas.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a cisterciense Orde de Santa María de Sobrado





dos Monxes, a entidade propietaria e a que xestiona o citado albergue, a única entidade competente para realizar as actuacións obxecto do presente convenio.

Polo exposto, ambas partes asinantes acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a cisterciense Orde Santa María de Sobrado para a execución das obras de acondicionamento do albergue actualmente existente no Mosteiro, para adaptalo ás condicións esixidas para os albergues da Rede Pública de Albergues.

Para a consecución do citado obxecto procederase á elaboración dun proxecto de recuperación da edificación e o seu entorno, para implantación do uso sinalado.

Unha vez rematada a reforma, o Albergue pasará a formar parte da rede de Albergues públicos da Xunta de Galicia, aínda que a xestión do mesmo levarase a cabo pola Orde Santa María de Sobrado

Segunda.- Orzamento e Financiamento.

O orzamento estimado para a execución material das actuacións previstas neste convenio ascende a 737.044,95€ (IVE incluído) segundo o anteproxecto redactado polo arquitecto Luis Vázquez Arcay coa seguinte distribución:

- Obra Civil.....531.120,75€

Espazo interior:353.187,57€





Espazo exterior: 177.933,18€

- Equipamento.....143.478,90€
- Proxecto e dirección e coordinación..62.445,30€

A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia será de 737.044,95€ (100%) con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.781.0, proxecto 2018 00002, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2020 e 2021, co seguinte desagregamento:

ANUALIDADE 2020: 494.663,71€, que se corresponden cos seguintes gastos:

Obra interior: 353.187,57€

Mobiliario: 110.253,49€

Dirección: 31.222,65€

ANUALIDADE 2021: 242.381,24€:

Obra exterior: 177.933,18€

Mobiliario: 33.225,41€

Dirección: 31.222,65€

A achega da Axencia Turismo de Galicia só cubrirá o custo de realización das actividades sen que a Orde obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.





A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención a favor da entidade, unha vez que esta entidade presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coas previsións de orzamentos recollidos na cláusula segunda e que se realicen **a partir do 1 de xaneiro de 2020**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co apartado 7 do citado artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade, o cal deberá ser acreditado por esta mediante declaración responsable coa xustificación do convenio.

Cuarta.- Obrigas das partes

1. A **cisterciense Orde Santa María de Sobrado** obrígase a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, así como a executar o orzamento previsto na cláusula anterior.





- Incluir en toda a documentación e soportes específicos sobre o obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia, así como a marca do Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).

A estes efectos deberá colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no parágrafo anterior e unha placa ao final da intervención no que conste a colaboración da Xunta de Galicia.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a





información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño que resulten aplicables.

Así mesmo, a Cisterciense Orde de Santa María de Sobrado comprométese a que unha vez rematadas as obras o Albergue pasará a incorporarse á Rede de Albergues Públicos da Xunta de Galicia asumindo a xestión, mantemento e conservación do albergue .

A entidade titular do inmovible sométese ao cumprimento das normas de uso dos albergues públicos da rede que se xuntan como **anexo I** deste convenio e permitirá a identificación do Albergue como 'parte da rede.

2. A **Axencia Turismo de Galicia** obrígase a realizar a achega económica establecida na cláusula segunda.

3. A **SA de Xestión do Plan Xacobeo** comprométese a incluír o albergue na rede pública de albergues.

Quinta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.





Sexta.- Xustificación do convenio

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterà a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da actividade realizada que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.
- b) Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación que acredite o seu pagamento.
- c) Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- d) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade beneficiaria.
- e) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.
- f) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do Xacobeo 2021.

Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

A data límite para presentar a documentación xustificativa será o **1 de decembro de 2020 para a anualidade 2020 e o 31 de outubro de 2021 para a anualidade 2021.**





A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.





Sétima.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estes pagamentos anticipados serán de ata o 50% das subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Así mesmo, poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do citado Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, a Asociación deberá presentar a documentación referida na cláusula anterior, en relación ás contías satisfeitas.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% das porcentaxes subvencionadas correspondentes aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no citado artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De conformidade co disposto no artigo 67 do citado Regulamento, solicitarase ao Consello da Xunta a exención da obriga de constituír garantías para os pagamentos a conta e anticipados establecidos nos parágrafos anteriores.

Oitava.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia.





Novena.- Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades pública a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.





Décimo Primeira.- Modificación e resolución do Convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo Segunda.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os





preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado





no Decreto 132/2006, do 27 de xullo e na BDNS os datos de carácter persoal e máis o resto de especificacións contidas no mesmo.

Décimo cuarta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo quinta.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o **31 de decembro de 2021**.

Décimo sexta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3
15897 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 358
<http://www.turismo.gal>



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E, en proba de conformidade as partes asinan o presente convenio.

O presidente da Axencia Turismo de Galicia e
do Consello de Administración da
S.A. de Xestión do Plan Xacobeo

O Prior da comunidade cisterciense de Santa
María de Sobrado dos Monxes,

Román Rodríguez González

Carlos Gutiérrez Cuatango



Xacobeo 2021





ANEXO I

NORMAS DE UTILIZACIÓN DA REDE PÚBLICA DE ALBERGUES DA XUNTA DE GALICIA

As presentes normas son de carácter organizativo e teñen por finalidade a ordenación dos servizos que se ofrecen na rede pública de albergues da Xunta de Galicia.

I.- DISPOSICIÓN XERAIS

1.- *Obxecto:*

As presentes normas de utilización teñen por obxecto establecer o marco de convivencia, organización, funcionamento, seguridade e orde interno que van rexir a estancia dos peregrinos na rede pública de albergues da Xunta de Galicia.

A utilización do albergue suporá a aceptación e o cumprimento das presentes normas.

2.- *Ocupación:*

a) Poderán utilizar a rede de albergues públicos da Xunta de Galicia tódalas persoas que acrediten estar en peregrinación Santiago de Compostela.

b) As prazas ocuparanse por orde de chegada dos peregrinos aos albergues.

c) A orde para a ocupación das prazas existentes nos albergues será a seguinte:

-Peregrinos con limitacións físicas.

-Peregrinos a pé.

-Peregrinos a cabalo.

-Peregrinos en bicicleta.

-As persoas que viaxen con coches de apoio.

-Os peregrinos que inicien o Camiño no correspondente albergue.





d) Só se admitirá a pernocta por unha noite. No caso de enfermidade ou forza maior xustificada, a estancia poderá ser de, como máximo, tres noites.

3.- Réxime de reservas:

Non se admiten reservas agás para as persoas con discapacidade, de acordo coas seguintes condicións:

a) Poderán reservar as persoas cunha discapacidade acreditada superior ao 66% (ou superior ao 33% no caso de menores de 16 anos) que peregrinen soas ou en grupo. Poderán reservar para eles e para un acompañante, tendo en conta a infraestrutura do albergue.

c) O día da pernocta, deberán chegar ao albergue antes das 20:00 horas. Se a esa hora non se presenta (o interesado ou un membro do grupo autorizado por él), a praza poderá ocuparse por algún outro peregrino con discapacidade que se atope no albergue á espera de praza.

d) Non se realizarán reservas con antelación superior a un mes.

II.- RÉXIME DE PAGOS

O prezo por pernocta será de 8 € que deberá ser abonado polo peregrino no momento da súa inscrición. O usuario do albergue recibirá un ticket xustificativo, onde consta o prezo estipulado, que deberá conservar ata o momento de deixar o albergue.

III.- NORMAS DE CONVIVENCIA E ORGANIZACIÓN

a) Os albergues estarán abertos tódolos días do ano, dende as 13:00 horas ata as 22:00 horas.

b) A porta dos albergues pecharase as 22:00 horas.

c) Para respectar o descanso, as luces apagaranse as 22:30 horas, agás nas zoas comúns.

d) Non se admiten animais, agás cans guías debidamente documentados.

e) Só está permitido preparar comida e comer na cociña, no comedor ou en lugares destinados a tal fin.

f) Non se malgastará a auga nin a luz.

g) Os albergues contan con botiquín básico e DESA (desfibrilador externo semiautomático).





IV.- DEREITOS E OBRIGAS DOS PEREGRINOS USUARIOS

1.- Dereitos:

- a) Utilización das instalacións dos albergues.
- b) Cama con sábana baixera e funda de almofada desbotables.
- c) Uso da cociña (sen menaxe).
- d) Acceso a Internet.
- e) Uso, previo pago, das lavadoras e secadoras.
- f) Os usuarios terán a súa disposición un libro de suxerencias e queixas que poderán utilizar, facendo constar no mesmo, xunto coa reclamación, a súa identificación con nome, apelidos e domicilio. A devandita suxerencia se contestará, por escrito, en tempo e forma, dende a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

2.- Obrigas:

- a) Os albergues deben ser abandonados antes das 08:00 horas da mañá.
- b) Os usuarios/as deberán coidar as instalacións coa debida dilixencia, deixalas ordenadas, limpas e, por tanto, recoller e depositar o lixo nos correspondentes contedores.
- c) Os usuarios deberán facerse cargo das súas pertenzas. Nin a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo nin a empresa adxudicataria do servizo, faise responsable de posibles furtos ou sustraccións.

3.- Incumprimento das obrigas dos usuarios:

O incumprimento dos deberes prescritos no apartado anterior, así como calquera conduta susceptible de ser considerada como perturbadora do bo funcionamento dos albergues, facultará aos seus responsables para obrigar a os infractores a abandonalos, sen prexuízo da existencia de responsabilidades, incluída a prohibición do uso de calquera outro albergue da rede.

